

BANDO INFORMATIVO

Informo de que o Instituto Enerxético de Galicia convocou as axudas económicas para o pagamento de parte da factura eléctrica a través do tícket eléctrico social de Galicia para o primeiro semestre do 2014.

Esta axuda está dirixida as familias nas que convivan menores de 18 anos e nas que a suma dos ingresos totais da unidade non superaran o IPREM estipulado.

TIPO DE AXUDAS

A contía desta axuda é de 45€ para aquelas familias que cumpran os requisitos e 60€ no caso das familias que ademais acrediten a condición de ser familia numerosa.

REQUISITOS

- 1 Ser residentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- 2 Ter fillas ou fillos menores ao seu cargo
- 3 Estar aboando a correspondente factura de enerxía eléctrica a unha comercializadora.
- 4 Que os ingresos totais da unidade de convivencia no 2013 non superaran os 6390,13€ anuais.
- 5 Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria ou beneficiario recollidas no artigo 10 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións.

LUGAR DE INFORMACIÓN Departamento de Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello. Rúa do Deporte, baixo, Sigüeiro, Oroso. Tfno.: 981 688 950

HORARIO: Luns, martes, mércores e venres de 9:30 a 13:30

PRAZO DE PRESENTACIÓN: ata o 5 de novembro de 2014

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: unicamente se pode facer por medios electrónicos

MÁIS INFORMACIÓN: Páxina web do INEGA ou na Resolución do 22 de xullo de 2014 no *Diario Oficial de Galicia* núm. 146 do 4 de agosto do 2014.

Oroso, 26 de agosto do 2014

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira